

♀ 8 DE MARZO DE 2012 ♀
 DÍA DA MUIER TRABALLADORA

Día Internacional de la Mujer Trabajadora - Emakume Langilearen Nazioarteko Eguna

Día Internacional de la Dona Trabajadora - Día Internacional da Muller Traballadora



CONFEDERACIÓN XERAL DO TRABALLO

www.cgtgalicia.org



www.rojoynegro.info

RECORTES PARA A DESIGUALDADE



A muller coa pata quebrada e na casa. Así é como queren vernos dende o poder, porque saben que se nos deixan, podemos facer un mundo moi distinto, pero non queren. Os sucesivos recortes e suspensións de leis e decretos previstos fan que a palabra IGUALDADE vaia perdendo sentido pouco a pouco, e demostran que meter a tesoura nos servizos sociais nos afecta máis a TODAS que a todos.

Recórtannos as prestacións da lei de dependencia, lesivo tanto para as mulleres que coidan dos seus familiares directos como para as contratadas para este fin. As empresas de axuda a domicilio levan meses sen cobrar. Cada vez fanse menos centros de día públicos, e estes traballos teñen CARA DE MULLER.

As empresas de limpeza contratadas polas distintas administracións están cheas de mulleres con contratos a tempo parcial ás que, en moitos casos, se lles deben varios meses de salario.

En educación, este ano quedarán baleiras miles de prazas de profesorado interino, coa conseguinte deterioración na educación das nosas fillas e fillos. Cada ano que pasa é máis difícil encontrar praza nunha escola infantil pública. Os comedores escolares están saturados de nenos e nenas e o persoal que os atende é insuficiente, debéndoselles tamén diñeiro, nalgúns casos.

En sanidade ameazan co copagamento e, ao ter maior esperanza de vida, as mulleres cargaremos con el máis que os homes. A supresión ou o non cumprimento dos concertos cos hospitais privados para as interrupcións voluntarias do embarazo fai que en varias comunidades sexan as propias mulleres as que se ven obrigadas a adiantar o diñeiro para abortar.

Segue sen recoñecerse o traballo que se desempeña na casa, que é o piar da nosa sociedade machista e patriarcal, e que remata converténdose en traballo gratuíto.

Parecida é a situación das empregadas de fogar porque, a pesar de aprobarse en novembro a reforma do réxime da seguridade social, a precariedade do seu traballo fai que as persoas traballadoras pensen que non lles paga a pena, e as empregadoras se estean a cuestionar seguir co seu servizo, máis cando apenas hai subvencións estatais que recoñezan o fin conciliatorio do traballo destas mulleres.

Non queremos rematar sen nomear ás mulleres maltratadas, que están a ver como se recortan as subvencións ás organizacións que xestionan os centros de asistencia e como diminúen os recursos destinados á súa protección. Isto convértese no máis evidente símbolo de todos os dereitos que as mulleres estamos a perder con esta ESTAFA que chaman CRISE.

O 8 DE MARZO (E TODOS OS DÍAS)
SE LIBRE E LOITA

